

Galicia Suma Talento

Plan de formación empresas para os anos 2026-2027

TR301P

Información para **empresas**

UNIDADES FORMATIVAS EN EMPRESAS

Accións formativas con compromiso de contratación dirixidas á cualificación profesional das persoas traballadoras desempregadas para o desempeño dos postos de traballo obxecto da contratación.

Orzamento
8.500.000 €



**Límite de execución das accións formativas
31 de marzo de 2027**



Entidades beneficiarias

- » As **empresas**, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, e as **agrupacións temporais de empresas** que presenten solicitude conxunta, mediante un convenio que acredite a correspondente agrupación.
- » As **asociacións de empresas** que teñen a cualificación de **entidades sen ánimo de lucro** actuando como entidades de formación.
- » As empresas que sexan **entidades de formación** e sexan **titulares de centros ou entidades de formación inscritas** para impartir formación profesional para o emprego no ámbito laboral de Galicia naquelas especialidades formativas para as cales soliciten subvención.



Custos subvencionables e contía da subvención

- » As **accións formativas para o emprego con compromiso de contratación** en Galicia:
 - **Relacionadas coa actividade empresarial** das empresas e entidades solicitantes e **que estean no Catálogo de especialidades formativas do SEPE** no marco do Sistema de formación para o emprego no ámbito laboral.
 - As accións formativas do Sistema de formación profesional **dos graos A, B e C**.
- » A subvención a outorgar calcularase mediante a **aplicación de módulos económicos*** específicos por familia, área profesional ou especialidade.
- » A contía da subvención de cada acción formativa determinarase en función do **número de persoas participantes previstas, do número de horas da acción e dos módulos económicos específicos** solicitados por participante e hora de formación para cada área profesional.

**Posibilidade de anticipo do
60 %**

* Enténdese por **módulo económico** o custo por participante e hora de formación

Galicia Suma Talento

Plan de formación empresas para os anos 2026-2027



Aspectos clave

- » Accións formativas "á medida" con compromiso de contratación dirixidas ás **persoas traballadoras desempregadas**.
- » Como **novidade** con respecto ás últimas convocatorias, **inclúense tamén** as accións formativas do Sistema de formación profesional **dos graos A, B e C**.
- » O procedemento de concesión é mediante **concorrenza non competitiva** (por orde de entrada das solicitudes).
- » O prazo de solicitude estará aberto **desde as 9:00 h do 14 de xaneiro ata as 20:00 h do 1 de decembro de 2026**.
- » A **modalidade de impartición** da formación será **presencial** (os módulos transversais poderán impartirse na modalidade de teleformación)
- » O **compromiso mínimo de contratación** será do:
 - **60 % do alumnado** aprobado e/ou formado en **contratos** cunha duración mínima de **6 meses** ou.
 - **40% do alumnado** aprobado e/ou formado **se a contratación** é por un período igual ou superior aos **12 meses**.
- » A contratación comprometida deberá **realizarse nun prazo de 2 meses** dende o remate da acción formativa.
- » O **número máximo** de participantes por acción formativa **será de 15**.
- » As accións formativas do **Catálogo de especialidades formativas do SEPE** poderán ter unha **duración máxima de 300 horas** (excepcionalmente poderá autorizarse unha duración superior, **sen que este incremento de horas supoña un aumento da subvención**).

Convocatoria



Alumnado destinatario das accións formativas


- » As **persoas traballadoras desempregadas** que na data de validación da acta de selección polas oficinas de emprego estean inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia e con **situación laboral como non ocupadas**.
- » As persoas que, sen estar inscritas como demandantes, **así o determina unha norma específica** e, en particular, as **persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil**.
- » As **persoas demandantes de servizos previos ao emprego**, previa conformidade da entidade beneficiaria da subvención.



O alumnado poderá solicitar **bolsas** durante a actividade formativa.

Todas as unidades formativas **dispoñibles nun clic!**

Acceso ao buscador



 **Diplos**